



CONVOCATORIA 13ª EDICIÓN DO 'I+P, IDEAS PARA PRODUCIR' PONTEVEDRA, 19 E 20 DE NOVEMBRO DE 2019

O Clúster Audiovisual Galego organiza a **13ª edición do pitching 'I+P, Ideas para Producir'**, que se celebrará en Pontevedra os días 19 e 20 de novembro. Este foro de exposición de proxectos de produción audiovisual supón unha excelente oportunidade para a venda, financiamento, distribución e coprodución de contidos para cine e televisión.

O 'I+P, Ideas para Producir' ten como obxectivo reunir a produtores, guionistas e directores que teñan un proxecto de cine ou televisión, e que busquen alianzas empresariais de cara á súa coprodución, venda ou distribución, con directivos de canles de televisión, produtores executivos, distribuidores e responsables de vendas internacionais.

Ata o día **4 de outubro** estará aberta a convocatoria de presentación de proxectos de cine e televisión para a presente edición do 'I+P, Ideas para Producir'.

Neste foro poderán rexistrarse os seguintes formatos de cine e televisión: longametraxes, miniserias e series de ficción, animación e documental. Programas de televisión.

Así mesmo, poderán rexistrarse máis dun proxecto por creador ou empresa e, como máximo, poderá ser seleccionado para participar no "I+P, Ideas para producir" 1 proxecto por autor ou empresa.

De entre todos os proxectos recibidos un comité de expertos seleccionará 15 para realizar un pitch diante de destacados axentes do sector audiovisual do noso país. Dos proxectos seleccionados, un número determinado deles serán de empresas socias do Clúster Audiovisual Galego e o resto serán de creadores ou empresas non pertencentes ao Clúster.

Posteriormente celebraranse as reunións *one to one* entre os responsables dos proxectos e os compradores.

A xornada de Pitching terá lugar o día **20 de novembro** no Pazo da Cultura de Pontevedra.

O rexistro de proxectos no I+P deberá realizarse enviando un formulario de inscrición por cada traballo ao e-mail comunicacion@clag.es.

O I+P converteuse nun formato de referencia para os profesionais do sector a nivel nacional, vendo incrementado cada ano o número de proxectos inscritos que desexan participar neste foro. Desde os seus inicios presentáronse máis de 250 proxectos, atopando viabilidade económica moitos deles, o que avala a oportunidade de negocio que ofrece este formato.

Na presente edición, o 'I+P, Ideas para Producir' conta co apoio do Ministerio de Cultura y Deporte, da Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) e o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), e do Concello de Pontevedra.

Os proxectos seleccionados inclúiranse no catálogo de Filmmarket Hub

A plataforma online Filmmarket Hub renova a súa colaboración co 'I+P, Ideas para Producir'. De maneira que os proxectos (longametraxes e series en desenvolvemento) seleccionados para participar na 13ª edición deste foro serán incluídos no catálogo de Filmmarket Hub e gozarán de 1 ano de inscrición gratuíta no mercado online de longametraxes, documentais e series máis importante do panorama nacional, que opera tanto en Europa como en Latinoamérica. Deste xeito os proxectos contarán con visibilidade e difusión durante todo un ano, o que aumenta a súa oportunidade de encontrar posibles coprodutores ou compradores, podendo acceder a outras empresas ademais das que participen no pitching.

ORGANIZA:



COFINANCIAN:

Actividad subvencionada por el Ministerio de Cultura y Deporte



PARTNERS:

